



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Maio 2019

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Maio 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un aumento do 6,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 1,7 puntos superior ao do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,3%, 1,9 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 6,9% e os Outros servizos o 6,0%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,8% e en España un 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de maio. Galicia é a quinta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de maio en Galicia un aumento do 6,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 1,7 puntos superior ao do mes de abril. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,3%, 1,9 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun crecemento do 6,9%, achega 5,2 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,0% e achegan 1,5 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 3,9% e nos *Outros servizos* o 5,1%.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 9,3% e achega 5,0 puntos á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* reduce a súa facturación, -3,3%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 5,0% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* redúcese o 1,3%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 6,0%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Transporte*, que cun incremento do 6,9%, achega 0,7 puntos e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* que, cun aumento do 13,7%, achegan 0,5 puntos a taxa de variación do índice xeral. Pola contra, *Información e comunicacións* reduce a súa facturación (-0,9%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,1%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (9,5%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (5,6%).

Nos cinco primeiros meses do ano, a cifra de negocios crece un 6,2% en Galicia e un 5,1% no conxunto do Estado.

O *Comercio* aumenta máis en Galicia (6,2%) que en España (4,5%) mentres que os *Outros servizos* incrementan máis a súa facturación no conxunto de España, 6,2% que en Galicia, 5,9%.

O *Comercio por xunto* (8,8%) e o *Transporte* (8,5%) son os sectores con mellor comportamento en Galicia. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor* e *Información e comunicación* diminúen a súa facturación nos cinco primeiros meses do ano, -3,3% e -1,3% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,1% no mes de maio.

Os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Comercio*, cunha taxa do 6,0% achega 2,6 puntos; o *Transporte*, que crece un 9,5% e achega 1,3 puntos e a *Hostalería*, cun incremento do 7,2% co que achega 1,4 puntos. En senso contrario, a facturación en *Información e comunicacións* diminúe un 1,3%.


No que vai de ano, o índice aumenta un 6,1%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (11,1%) mentres que *Información e comunicacións* é o único sector con taxa negativa, -1,6%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 6,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de maio en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores aumentos danse en Cantabria (8,7%) e Extremadura (8,0%). As comunidades con menores crecementos son Illes Balears e Canarias (ambas 1,3%).

Índices de cifra de negocios. Maio 2019

Taxa de variación en %




No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Cantabria (8,7%) e Murcia e Navarra (ambas 7,0%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias (2,4%) e Illes Balears (3,5%).

2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,8% respecto ao mes de maio de 2018, unha décima menos que en España (1,9%).



O persoal ocupado aumenta un 2,3% no *Comercio* e un 1,4% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Información e comunicación* (-0,2%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,9%). Os maiores crecementos danse no *Comercio por xunto* (4,4%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,5%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (2,8%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (2,5%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumentou un 2,3% en Galicia e un 2,0% en España. O maior crecemento da ocupación en Galicia dáse no *Comercio por xunto* (6,1%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de maio con respecto ao mesmo mes do ano 2018. Os maiores incrementos danse en Extremadura (3,2%) e Comunitat Valenciana (2,8%). Murcia (0,5%) e Aragón (0,6%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

Índices de persoal ocupado. Maio 2019

Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Extremadura (2,7%) e Navarra e Illes Balears (2,5%); as taxas máis baixas corresponden a Castilla y León (0,7%) e Canarias e Murcia (1,0%).

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	131,7	6,7	6,2
Comercio	134,0	6,9	6,2
Venta e reparación de vehículos de motor	110,6	-3,3	-3,3
Comercio por xunto	147,9	9,3	8,8
Comercio ao retalho	106,8	2,5	0,9
Outros servizos	124,3	6,0	5,9
Transporte	122,0	6,9	8,5
Hostalería	118,7	7,6	8,2
Información e comunicacións	108,2	-0,9	-1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	124,2	1,0	5,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	159,6	13,7	3,6
España			
Xeral	125,9	4,3	5,1
Comercio	125,6	3,9	4,5
Venta e reparación de vehículos de motor	137,0	-1,3	0,6
Comercio por xunto	131,3	5,0	6,0
Comercio ao retalho	110,6	3,6	2,8
Outros servizos	126,6	5,1	6,2
Transporte	126,8	5,1	6,7
Hostalería	121,9	2,8	4,3
Información e comunicacións	115,7	1,9	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	140,8	9,5	9,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	127,7	5,6	6,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	129,8	6,1	6,1
Comercio	131,3	6,0	5,2
Transporte	143,3	9,5	11,1
Hostalería	122,5	7,2	7,9
Información e comunicacións	109,4	-1,3	-1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	127,5	2,7	5,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	148,4	8,4	2,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Maio 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	125,9	4,3	5,1
Andalucía	124,3	6,1	6,9
Aragón	120,1	3,9	5,6
Asturias	122,9	7,6	6,5
Balears, Illes	135,9	1,3	3,5
Canarias	114,0	1,3	2,4
Cantabria	132,0	8,7	8,7
Castilla y León	116,0	3,5	3,9
Castilla-La Mancha	124,4	2,5	4,7
Cataluña	122,1	2,6	3,8
Comunitat Valenciana	125,7	4,4	5,1
Extremadura	118,9	8,0	6,8
GALICIA	131,7	6,7	6,2
Madrid	130,7	4,5	5,3
Murcia	130,7	7,6	7,0
Navarra	128,9	5,2	7,0
País Vasco	128,7	5,3	5,1
Rioja, La	131,5	5,0	6,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,4	1,8	2,3
Comercio	108,2	2,3	2,7
Venta e reparación de vehículos de motor	100,9	2,5	2,6
Comercio por xunto	119,7	4,4	6,1
Comercio ao retalho	103,0	0,9	0,6
Outros servizos	108,6	1,4	1,9
Transporte	107,2	3,3	3,3
Hostalería	106,8	-0,2	1,2
Información e comunicacións	108,2	3,3	2,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,7	4,5	3,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,1	-0,9	0,2
España			
Xeral	109,8	1,9	2,0
Comercio	106,8	1,6	1,6
Venta e reparación de vehículos de motor	107,8	2,1	2,0
Comercio por xunto	110,8	2,3	2,2
Comercio ao retalho	104,1	1,1	1,1
Outros servizos	111,8	2,0	2,2
Transporte	110,6	2,2	2,4
Hostalería	113,1	1,1	1,2
Información e comunicacións	109,9	2,8	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,1	2,0	2,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,0	2,5	2,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Maio 2019**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	109,8	1,9	2,0
Andalucía	107,9	2,3	2,1
Aragón	110,7	0,6	1,9
Asturias	105,5	1,0	1,1
Baleares, Illes	129,0	1,0	2,5
Canarias	109,8	0,9	1,0
Cantabria	109,2	1,5	1,3
Castilla y León	105,7	0,8	0,7
Castilla-La Mancha	107,9	1,3	1,2
Cataluña	111,2	2,3	2,1
Comunitat Valenciana	109,4	2,8	2,3
Extremadura	108,1	3,2	2,7
GALICIA	108,4	1,8	2,3
Madrid	109,4	1,9	2,2
Murcia	115,4	0,5	1,0
Navarra	109,8	2,4	2,5
País Vasco	106,1	1,1	1,7
Rioja, La	109,3	2,1	2,2

Fonte: INE